



Santiago acolle o Festival Bonito pra Chover de cultura brasileira

O evento salpicará o mes de outubro de propostas culturais da comunidade brasileira en Galicia

- 30 / 9 / 2024 [Santiago. Redacción](#)

<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=36767>

Un recital poético-musical no Panteón de Galegos Ilustres de Bonaval dará o comezo este mércores ás 16:30 horas ao 'Bonito pra chover', un festival de arte e cultura brasileira en Santiago de Compostela, con diversas actividades que terán lugar durante o mes de outubro e inicios de novembro de 2024. A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega colabora co evento organizando este recital inaugural no que tomarán parte, cunha lectura de textos do poeta Jackson Sampaio, Cesáreo Sánchez Iglesias; Daniel Asorey Vidal; Luiza Fernandes e Uxía. As interpretacións musicais correrán a cargo de Euterpe e Léo Pinheiro. Ademais o evento incluirá unha mostra de cinema brasileiro a celebrar nos Cines Compostelá, un roteiro gastronómico de tapas por varios locais da capital galega, unha exposición de fotografía e artes plásticas. O festival pretende actuar como espazo de intercambio cultural entre Brasil e Galicia e ser una homenaxe da comunidade brasileira galega ao seu país de acollida.